

En fin compañeiros - "que tenemos que hablar de muchas cosas".-xa vedes que non quixen facer un compendio das vosas fazañas, coido que están presentes nas mentes e nos corazóns de tódolos veciños de boa vontade, senon unha breve reseña agradecida de quen se veu acompañado en sensibilidades, acollido nas súas ideas, e de quen aprendeu de vos unha parte de sí mesmo que é máis profunda porque non acaba en min e está nos habitantes de Bueu, aínda naqueles incapaces de notalo. Estou certo que o voso traballo fará que a cada volta sexan menos.

Graciñas por todo.

Salvador Castro

OS XOGOS POPULARES EN BUEU

O xogo tradicional está integrado no sistema sociocultural da comunidade. Analisando o xogo podes chegar a entender o comportamento colectivo xa que recolle na súa esencia os sentimentos, sensacións, complexos, atavismos e modos de percepción que van da perguiza a afouteza.

Son un modelo da realidade social na que se produce pois aínda que sexa importando, sempre recolle adaptacións propias das características psicolóxicas do pobo que a práctica.

O xogo popular transmítese de xeneración en xeneración constituindo deste xeito un forte nexo de unión entre maiores e pequenos xa que os primeiros van ver proxectada a súa infancia e as súas lembranzas nos rituais e habilidades que practican os máis novos cando están con eses xogos.

A sociedade actual foi arrinconando e esquecendo este tipo de manifestacións lúdicas sendo substituídas por formas de entretenemento pasivo ou alleo ó que foron os nosos xeitos de xogar e entreternos. Así, comprobamos a desaparición progresiva do xogo popular tradicional en Bueu a partires da década dos sesenta, chegando hoxe ó esquecemento total en moitos casos.

É unha mágoa que formas de xogar tan divertidas que desenvolvían a imaxinación e habilidades e destrezas básicas non sexan coñecidas polos nosos fillos. Estamos a perder referencias culturais e patróns de xogo colectivo que ningún pobo debería esquecer.

A ASOCIACIÓN CULTURAL "AS LAGOAS" comezou unha tarefa fundamental a finais dos oitenta coa recuperación dos XOGOS POPULARES TRADICIONAIS no marco das festas de San Martiño. A convocatoria predeu rápido e, a pesares de que cada vez vai sendo máis difícil atopar espazos axeitados para desenvolver os xogos, podemos asistir a un renacemento de formas tradicionais de xogar, e ver como nenos, adultos e vellos compartían a satisfacción de participar no Campionato de Trompos.

O camiño aberto pola Asociación Cultural "As Lagoas" xa vai sendo utilizado por institucións e Asociacións de Veciños que, periodicamente inclúen nas súas programacións de actividades os xogos populares tradicionais de Bueu. Así podemos ver como xogar o marro, a cachiza, os pelouros, os aros, o galope, a churra, etc., tamén é divertido para os nenos de hoxe que participan masivamente nestes eventos.

A variedade e riqueza motriz dos xogos tradicionais de Bueu é un patrimonio que temos aí e que non debemos deixar perder para as xeracións vindeiras xa que representan, a par que outros, uns dos valores culturais de referencia para cada pobo.

Para remate quero deixar constancia do recoñecemento e institucional para coa labor que ven desenvolvendo a Asociación Cultural As Lagoas en tódolos eidos da Cultura en Bueu, labor de promoción, dinamización e apoio a outras iniciativas, que fai ver como se pode traballar en positivo polo noso pobo.

Manuel Otero Pérez